

Resolución do 18 de maio de 2021 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para a provisión de dúas prazas da escala técnica de informática do Parlamento de Galicia, convocado por acordo do 8 de xullo de 2019, pola que se lle da publicidade a diversos acordos.

En sesión que tivo lugar o 18 de maio de 2021, o tribunal nomeado por resolución da Presidencia, do 23 de outubro de 2019 (BOPG núm. 553, do 24 de outubro de 2019) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso por quenda libre en dúas prazas da escala técnica de tecnoloxías da información do Parlamento de Galicia, grupo B, escala de sistemas e tecnoloxías da información convocado polo acordo da Mesa do Parlamento, do 8 de xullo de 2019, (BOPG núm. 511, do 26 de xullo de 2019)

ACORDOU:

Primeiro. O tribunal cualificador, na sesión do 18 de maio de 2021, acordou propor á Mesa do Parlamento de Galicia a finalización e aprobación do proceso selectivo e o ingreso de Antonio Nieto Moure e Esteban García Paz no grupo B, escala de sistemas e tecnoloxías da información do Parlamento de Galicia como persoal funionario de carreira.

Segundo. De conformidade co establecido na base 9.4 da convocatoria, os aspirantes dispuxeron dun prazo de dez días hábiles, contados desde o día seguinte á data de publicación da resolución no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 130, do 28 de abril de 2021, para presentaren alegacións. Non habendo reclamacións o tribunal ratifica esta resolución.

Terceiro. Constituír unha listaxe de espera con:

- Antonio Domínguez Groba
- Carlos Cuervo Martínez
- Tomás Vilariño Fidalgo
- Carlos Vázquez Suárez

conforme o disposto na base décimo segunda da convocatoria, para cubrir necesidades eventuais de persoal que puideren xurdir, en condición de persoal funcionario interino.

Cuarto. Desenvolver a resolución de aprobados e listas de substitución para publicar no BOPG e na Web, así como a proposición a elevar á Mesa do Parlamento, e notificación ao Servizo de Persoal e Réxime Interior.

Santiago de Compostela, a 18 de maio de 2021

O Presidente do tribunal